

I. DISPOSICIÓN XERAIS

BANCO DE ESPAÑA

8510 *Circular 3/2013, do 29 de xullo, do Banco de España, sobre declaración de operacións e saldos en valores negociables.*

O Regulamento (UE) 1011/2012 do Banco Central Europeo (BCE), do 17 de outubro de 2012, relativo ás estatísticas sobre carteiras de valores, establece que, para realizar as funcións do Sistema Europeo de Bancos Centrais (SEBC) e supervisar os mercados e actividades financeiros dentro da zona do euro, o BCE, axudado polos bancos centrais nacionais, debe recompilar, valor a valor, a información dos valores mantidos polos sectores institucionais da zona do euro, así como a dos emitidos por residentes na dita zona e mantidos polos sectores institucionais non pertencentes a aquela. Este regulamento inclúe, entre os axentes suxeitos á obriga de declarar, as institucións financeiras monetarias, os fondos de investimento, as sociedades instrumentais e as entidades depositarias.

O Banco de España, de conformidade co artigo 14.3 dos estatutos do Sistema Europeo de Bancos Centrais e do Banco Central Europeo e co artigo 1.3 da Lei 13/1994, do 1 de xuño, de autonomía do Banco de España, está obrigado a cumprir coas orientacións e instrucións do BCE. Neste sentido, a Orientación BCE/2013/7, do 22 de marzo de 2013, sobre estatísticas de carteiras de valores, obríga a recompilar a información detallada no Regulamento (UE) 1011/2012, antes mencionado, e ao seu envío ao BCE.

Por outro lado, o Banco de España conta tamén coa habilitación prevista no artigo 9 do Real decreto 1816/1991, do 20 de decembro, de transaccións económicas co exterior, e no artigo 8 da Orde do 27 de decembro de 1991, que establecen a obriga das entidades rexistradas nos casos de operacións, transaccións, actos ou negocios con non residentes, así como nas variacións en contas ou posicións financeiras debedoras ou acreedoras fronte ao exterior, e dos residentes que leven a cabo as operacións sinaladas no artigo 1 do citado real decreto ou manteñan activos ou pasivos no exterior, de lles facilitar aos órganos competentes da Administración xeral do Estado e ao Banco de España os datos que se lles requiran, na forma, periodicidade e polo importe que este determine, para os fins de seguimento administrativo, fiscal e estatístico das operacións.

A Circular do Banco de España 2/2001, do 18 de xullo, sobre declaración de operacións e saldos de activos e pasivos exteriores en valores negociables, permite recoller esta información sobre os investimentos de carteira para o ámbito das estatísticas exteriores (principalmente, balanza de pagamentos e posición de investimento internacional). Porén, con esta circular non quedan cubertas as novas necesidades de información, valor a valor, recollidas no Regulamento (UE) 1011/2012 e que deben subministrarse as entidades depositarias residentes, relativas ás tenzas dos seus clientes – tamén residentes – de valores emitidos por outros residentes.

En consecuencia, en uso das facultades que ten concedidas, o Consello de Goberno do Banco de España, por proposta da Comisión Executiva, e de acordo co Consello de Estado, aprobou a presente circular, que contén as seguintes normas:

Norma primeira. *Obriga de informar.*

Quedan sometidos ao disposto nesta circular:

1. As entidades de crédito e as sucursais en España de entidades de crédito inscritas nos rexistros oficiais do Banco de España que actúen como depositarias ou liquidadoras nos mercados regulados de valores negociables, e o Banco de España.

2. As entidades financeiras residentes inscritas nos rexistros oficiais da Comisión Nacional do Mercado de Valores que actúen como entidades depositarias ou liquidadoras nos mercados regulados de valores negociables.

3. As entidades financeiras inscritas nos rexistros oficiais da Comisión Nacional do Mercado de Valores que actúen como sociedades xestoras de fondos de investimento, polo que se refire ás participacións en fondos de investimento españois.

Norma segunda. *Periodicidade e contido da información.*

A información sobre valores negociables que se deberá remitir, valor a valor (desagregada por clase de valor, e por valor individual, identificado mediante o seu código ISIN), con periodicidade mensual, dentro dos dez días hábiles seguintes á fin de cada mes, será a que se indica a continuación:

1. As entidades mencionadas nos números 1 e 2 da norma anterior comunicarán:

As operacións realizadas e os saldos mantidos por conta dos seus clientes, incluídos os correspondentes aos fondos de investimento. Cando se trate de valores negociables emitidos por residentes, mantidos por conta de clientes residentes, unicamente informarán sobre os saldos. As entidades residentes comercializadoras en España de fondos de investimento estranxeiros, inscritas como tales nos rexistros oficiais da Comisión Nacional do Mercado de Valores, comunicarán a información (operacións e saldos) das participacións dos investidores.

O total das operacións e os saldos das contas de valores da entidade (propias e de terceiros), correspondentes a valores emitidos por residentes que se encontren depositados en contas da propia entidade abertas en entidades depositarias non residentes, en depositarias centrais non residentes ou en sistemas de compensación e liquidación internacionais.

2. As sociedades xestoras dos fondos de investimento españois informarán das operacións que se realicen con participacións en tales fondos (excepto das que correspondan ás entidades citadas na norma primeira) e dos seus saldos. Non obstante, esta información poderá ser proporcionada polas correspondentes entidades depositarias, se así se acordase entre estas e as xestoras. Para tal efecto, as sociedades xestoras deberán facilitar ás depositarias a información que estas poidan precisar. Para poder utilizar este procedemento, ambos os tipos de entidades deberán comunicalo previamente ao Departamento de Estatística do Banco de España.

Norma terceira. *Envío da información.*

A información remitirase ao Departamento de Estatística por medios telemáticos, de conformidade cos formatos, condicións e requisitos que se establezan nas «aplicacións técnicas» desta circular. Unha versión actualizada destas especificacións manterase no sitio web do Banco de España, de libre acceso na internet.

Disposición transitoria.

As entidades mencionadas nos números 1 e 2 da norma primeira comunicarán a información que se inclúe nos tres incisos seguintes desde a entrada en vigor da presente circular ata a correspondente ao 31 de decembro de 2014:

As operacións realizadas e os saldos mantidos por conta propia. No caso de valores negociables emitidos por residentes, unicamente comunicarán as correspondentes a adquisicións/cesións temporais e préstamos de valores recibidos/concedidos cando estas operacións teñan como contrapartida a non residentes en España.

As operacións realizadas e os saldos de valores emitidos por non residentes, mantidos por conta doutras entidades das mencionadas na norma primeira, que remitan directamente ao Banco de España a información sobre as súas propias operacións e saldos.

O total das operacións e os saldos das contas de valores da entidade (propias e de terceiros), correspondentes a valores emitidos por non residentes.

Esta información remitirase de acordo co establecido na norma terceira da presente circular.

Disposición derradeira primeira. *Derogación de normas.*

No momento da entrada en vigor da presente circular quedará derogada a Circular do Banco de España 2/2001, do 18 de xullo, sobre declaración de operacións e saldos de activos e pasivos exteriores en valores negociables.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta circular entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2014. Na primeira declaración, que se deberá remitir dentro dos primeiros dez días hábiles do mes de febreiro de 2014, como saldos iniciais indicaranse os existentes en 31 de decembro de 2013; como saldos finais, os existentes en 31 de xaneiro de 2014; e como operacións, as correspondentes ao mes de xaneiro de 2014.

Madrid, 29 de xullo de 2013.—O gobernador do Banco de España, Luis María Linde de Castro.